

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA PERSOAS MAIORES DE 25 ANOS (2025)

A proba de acceso á universidade para as persoas maiores de 25 anos regúlase polo disposto no Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño (BOE do 12 de xuño), e o disposto na Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG do 4 de abril). Por todo o exposto, e ao abeiro das competencias recoñecidas ás universidades nas disposicións citadas e conforme o expresado no convenio entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)

RESOLVE:

Convocar a proba de acceso á universidade para as persoas maiores de 25 anos, correspondente ao ano 2025, no ámbito das tres universidades públicas de Galicia, conforme as seguintes:

BASES

1. Quen se pode matricular

Poden matricularse para realizar a proba as persoas que cumprisen ou cumpran 25 anos de idade no ano natural en que teña lugar a proba (que acreditarán mediante a fotocopia do DNI ou do pasaporte) e que non estean en posesión de ningunha titulación académica habilitada para acceder á universidade (Probos PAU ou equivalentes; Ciclos Formativos de FP; Titulacións universitarias; Bacharelato Internacional ou Bacharelato Europeo; alumnado procedente de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou os de outros Estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables en materia de acceso á universidade, en réxime de reciprocidade, que cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder a súas universidades; ou calquera outra vía de acceso). As persoas solicitantes deberán asinar unha declaración responsable de que todos os datos sinalados na súa solicitude de inscrición para as probas de acceso para maiores de 25 anos son certos e válidos na data de presentación da solicitude.

A ausencia desta acreditación, a falta de veracidade ou a manipulación de datos suporá a perda automática dos dereitos derivados da matrícula nas devanditas probas e a exclusión do proceso de adxudicación de prazas ou a anulación da matrícula dende o inicio dos estudos universitarios, no seu caso, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que sexan aplicables.

2. Prazo e procedemento de matrícula:

2.1. O prazo de matrícula será do 27 ao 31 xaneiro, ambos os dous inclusive.

2.2. A matrícula deberase facer a través dos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERDs).

Deberase enviar a documentación indicada no punto 3 por correo electrónico.

Só excepcionalmente poderá facerse in situ nun dos LERDs habilitados en cada un dos sete campus de Galicia (véxase Anexo I).

3. Documentación

Para solicitar a matrícula na proba será necesario achegar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI por ambas as caras ou do pasaporte (persoas estranxeiras).
- b) Xustificante de ter aboadas as taxas de matrícula, mediante o impreso de pago de taxas previamente descargado da páxina web da CIUG (ciug.gal).
- c) De ser o caso, xustificante do dereito de redución ou exención das taxas de matrícula.
- d) Solicitud de matrícula de acordo co formato que poderán descargar da páxina Web da CiUG (ciug.gal) coa declaración responsable de veracidade dos datos.

4. Prezos públicos

De conformidade co disposto no Decreto 164/2024, do 24 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/2025, da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG, núm. 128, do 3 de xullo), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**.

Exencións no pagamento de prezos públicos por servizos administrativos

Aplicaranse as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 164/2024, do 24 de xuño. A condición que dea lugar á exención deberá estar vixente na forma legalmente establecida para cada caso, no momento de efectuar a matrícula:

- | | |
|---|-------------|
| - Familia numerosa: categoría xeral | 31,84 euros |
| - Familia numerosa: categoría especial | Gratuíta |
| - Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero e beneficiarios da prestación do ingreso mínimo vital. | Gratuíta |

AXUDAS

Beneficiarios de axudas ao persoal das universidades do SUG

Gratuíta

Acreditación das exencións

(1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no momento da matrícula.

(2) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa do órgano

competente da Comunidade Autónoma pola que se recoñecese a condición vixente no prazo de matrícula.

(3) A condición de vítima de acto terrorista acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñecese a condición, vixente no prazo de matrícula.

(4) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

(5) A condición de beneficiario da prestación do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro.

(6) AXUDAS para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos. Serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:

- Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.
- A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as ou persoa con análoga relación, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia ou a certificación que corresponda. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.

5. Realización dos exames

Os exercicios que deberán realizarse son os indicados no Real decreto 534/2024, do 11 de xuño (BOE do 12 de xuño), que poden consultarse na Web da CiUG.

O alumnado matriculado ao abeiro da presente convocatoria realizará os exames en chamamentos únicos: os da fase xeral o **venres 21 de febreiro**, a partir das 8:30 horas, e os da fase específica o **venres 14 de marzo**, a partir das 8:30 horas. Os exames realizaranse na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, situada no Campus Vida en Santiago de Compostela.

6. Estrutura da proba

A proba de acceso estrutúrase en dúas partes: fase xeral e fase específica.

FASE XERAL

A fase xeral terá como obxectivo valorar a madurez e a idoneidade das persoas candidatas para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. A fase xeral comprenderá os catro exercicios seguintes:

- a) Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade
- b) Lingua castelá
- c) Lingua galega
- d) Lingua estranxeira (elixirase entre alemán, francés, inglés, italiano ou portugués)

Os candidatos e candidatas que acrediten a residencia fóra de Galicia por un período ininterrompido superior aos catro últimos anos poderán solicitar, no momento de se matricularen, a exención do exercicio de Lingua galega. A CiUG comunicarlles aos candidatos ou candidatas a concesión ou non da exención do exercicio de Lingua galega.

FASE ESPECÍFICA

A fase específica terá por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos e candidatas para cursaren con éxito as diferentes ensinanzas universitarias vinculadas a cada unha das ramas do coñecemento arredor das que se organizan os estudos universitarios oficiais de grao.

A fase específica estrutúrase nas cinco opcións seguintes vinculadas coas cinco ramas do coñecemento:

- Opción A. Artes e humanidades
- Opción B. Ciencias
- Opción C. Ciencias da saúde
- Opción D. Ciencias sociais e xurídicas
- Opción E. Enxeñaría e arquitectura

O alumnado escollerá no momento de matricularse a opción de que se examinará na fase específica.

A fase específica constará de dúas materias obrigatorias para cada opción, as cales se sinalan a continuación:

- Opción A. Artes e humanidades: Historia da arte e Xeografía
- Opción B. Ciencias: Matemáticas e Química
- Opción C. Ciencias da saúde: Bioloxía e Química
- Opción D. Ciencias sociais e xurídicas: Historia do mundo contemporáneo e Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais
- Opción E. Enxeñaría e arquitectura: Física e Matemáticas

Ademais, a fase específica constará dunha materia optativa que o alumnado debe escoller no momento de matricularse, entre as seguintes materias ofertadas para cada opción:

- Opción A. Debuxo artístico, Latín, Literatura universal e Volume
- Opción B. Bioloxía, Ciencias da Terra e ambientais e Física

Opción C. Ciencias da Terra e ambientais, Física e Matemáticas

Opción D. Economía da empresa, Literatura universal e Xeografía

Opción E. Ciencias da Terra e ambientais, Debuxo técnico e Química

Para realizar os exercicios, os candidatos e candidatas poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a Lingua castelá, Lingua galega e Lingua estranxeira realizaranse nos idiomas respectivos.

Cada un dos exercicios da fase xeral e da fase específica terá unha duración máxima dunha hora e media. Establecerase un intervalo mínimo de trinta minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

O alumnado que se matricule de varias materias con horarios coincidentes recibirá os enunciados dos exames de forma sucesiva no orde previsto por parte da Comisión e disporá dun máximo de 90 minutos para completar a resposta de cada exame. Despois de entregar a resposta dun exame poderá descansar un máximo de 30 minutos dentro da aula antes de solicitar os enunciados do seguinte exame e disporá, de novo, dun máximo de 90 minutos para completar a resposta.

7. Sistema de cualificación

A cualificación de cada un dos exercicios da fase xeral e da fase específica exprésase en números e de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais e con intervalos de 0,25 puntos.

A cualificación da fase xeral será a media aritmética das cualificacións dos catro exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

A cualificación da fase específica será a media aritmética das cualificacións dos tres exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas na fase xeral e na fase específica, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

O candidato ou candidata superará a proba cando **acade unha puntuación en cada unha das dúas fases igual ou superior a catro puntos** e obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación media final.

A nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao será a cualificación final obtida na proba.

Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos e candidatas poderán presentarse de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Terase en conta a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.

8. Publicación das cualificacións provisionais

As cualificacións provisionais da fase xeral publicaranse a través da aplicación informática Nerta o día **27 de febreiro** (a partir das 15.00 horas).

As cualificacións finais provisionais (fase xeral e fase específica) publicaranse a través da aplicación informática Nerta o día **20 de marzo** (a partir das 15.00 horas).

A resolución pola que se publican estas cualificacións terán efectos de notificación oficial ás persoas interesadas.

9. Reclamacións ás cualificacións

Haberá dous prazos de reclamación.

Os candidatos e candidatas poderán presentar unha reclamación ás cualificacións provisionais de cada un dos exercicios (fase xeral e fase específica) despois de se publicaren, dentro do prazo establecido pola comisión organizadora.

O prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións será **do 28 de febreiro ata as 14.00 horas do día 5 de marzo** para a fase xeral e **do 21 de marzo ata as 14.00 horas do 25 de marzo** para a fase específica. As solicitudes de reclamación presentaranse a través da aplicación informática Nerta.

As reclamacións correspondentes á fase xeral serán resoltas o **7 de marzo** e os resultados poderán consultarse a través da plataforma Nerta a partir das 20:00h dese día.

10. Publicación das cualificacións definitivas

As cualificacións definitivas (despois da resolución das reclamacións) publicaranse o día **27 de marzo** (a partir das 20:00 horas) e poderán consultarse a través da aplicación informática Nerta. A resolución pola que se publican estas cualificacións terá efectos de notificación oficial ás persoas interesadas e porá fin á vía administrativa. Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia comisión. Neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

O alumnado que solicitou revisión dunha ou varias probas poderá ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso. Para a consulta dos exames poderá facerse a solicitude do 31 de marzo ao 2 de abril (ata as 14:00h.) presentando o formulario correspondente nun LERD (véxase Anexo I). Os exames revisados poderanse ver o 10 de abril ás 10:00 horas no Edificio Fontán da Cidade da Cultura (sede da CiUG).

11. Efectos e acceso ao SUG

Aos candidatos e candidatas que superen esta proba no sistema universitario de Galicia, correspóndelles preferentemente, para os efectos de ingreso, as ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades do SUG.

O alumnado realizará a fase específica na opción da súa elección e terá preferencia, para os efectos de ingreso, nas ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades do SUG que estean vinculadas a cada unha das opcións, de acordo co establecido no anexo II desta convocatoria.

Para acceder ás titulacións universitarias do SUG con límite de prazos, o alumnado que supere a proba deberá presentar a súa solicitude de admisión no prazo e forma que indique a convocatoria de acceso ao Sistema universitario de Galicia. Para iniciar este proceso é preciso estar en posesión do certificado de superación da proba expedido pola CiUG.

No **anexo II** recóllese a adscrición preferente das opcións da proba de acceso á universidade das persoas maiores de 25 anos regulada polo Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (Art. 12.3), ás ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias oficiais de grao do sistema universitario de Galicia para o acceso ao curso 2024/2025.

No **anexo III** recóllese o horario de realización das probas das fases xeral e específica.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2024

María Teresa Flores Arias

Presidenta da CiUG

XEFE/AS DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES
ENCARGADOS/AS DOS LERD
RESPONSABLES DO PROGRAMA INFORMÁTICO NERTA

ANEXO I

Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERDs)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



LERD 1 Campus de Santiago de Compostela
Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Teléfonos: 881 814 538 / 881 814 530
Correo: sxa@usc.gal

LERD 2 Campus de Lugo
Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa - Campus Universitario - 27002 Lugo
Teléfono: 982 823 552
Correo: sxa.lugo@usc.gal

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

LERD 3 Servizo de Estudantes, A Coruña
Pavillón de estudantes - Campus de Elviña -15071 A Coruña
Teléfonos: 881 011 964 / 1192/1190/1961/2915
Correo: lrdcoruna@udc.es

LERD 4 Campus de Ferrol
Edificio de usos administrativos (1º andar) – 15403 Ferrol
Teléfonos: 881 013 650 / 881 013 675
Correo: lrdfer@udc.es

UNIVERSIDADE DE VIGO

Universidade de Vigo

LERD 5 Cidade de Vigo - SIE
Edificio Redeiras, Praza da Ribeira do Berbés, 11 – 36202-Vigo
Teléfonos: 986 813 630 / 986 813 755
Correo: sie@uvigo.gal


LERD 6 Campus de Ourense
Unidade Administrativa - Área de Servizos á Comunidade - Campus As Lagoas - 32004 Ourense
Teléfonos: 988 387 102
Correo: asc-ou@uvigo.gal

LERD 7 Campus de Pontevedra
E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal - Área de Servizos á Comunidade - Campus A Xunqueira - 36005 Pontevedra
Teléfonos: 986 801 949
Correo: asc-po@uvigo.gal


ANEXO II

Adscrición da opcións

Adscrición preferente das opcións da proba de acceso á universidade para persoas maiores de 25 anos regulada polo Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), ás ramas de coñecemento das ensinanzas oficiais de grao do SUG para os efectos de acceso.

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
CAMPUS DA CORUÑA		
Código	Titulación	Opción
60010	Grao en Administración e Dirección de Empresas (*)	D
60030	Grao en Bioloxía (*)	B
60040	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (<i>proba específica</i>)	D
60050	Grao en Ciencias Empresariais	D
60060	Grao en Comunicación Audiovisual	D
60070	Grao en Dereito (*)	D
60080	Grao en Economía (*)	D
60090	Grao en Educación Infantil	D
60100	Grao en Educación Primaria	D
60110	Grao en Educación Social	D
60120	Grao en Enfermaría (<i>Centro adscrito</i>)	C
60130	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	E
60140	Grao en Enxeñaría Informática (*)	E
60150	Grao en Máquinas Navais	E
60160	Grao Náutica e Transporte Marítimo	E
60170	Grao en Arquitectura Técnica	E
60180	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
60190	Grao en Fisioterapia	C
60200	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
60210	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	A

60220	Grao en Logopedia	C
60230	Grao en Química (*)	B
60240	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Centro adscrito con condicións económicas superiores)	D
60250	Grao en Socioloxía	D
60260	Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil	E
60270	Grao en Terapia Ocupacional	C
60280	Grao en Turismo (Modalidade presencial)	D
60281	Grao en Turismo (Modalidade online)	D
60360	Grao en Estudos de Arquitectura (*)	E
60370	Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos	E
60380	Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos	E
60390	Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía	E
60400	Grao en Intelixencia Artificial	E
CAMPUS DE FERROL		
Código	Titulación	Opción
70020	Grao en Enfermaría	C
70030	Grao en Enxeñaría Eléctrica (DUAL)	E
70040	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	E
70050	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	E
70070	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E
70080	Grao en Enxeñaría Mecánica	E
70110	Grao en Podoloxía	C
70120	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
70130	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	E
70140	Grao en Xestión Industrial da Moda (**)	D
70150	Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación	A
70170	Grao en Relacións Internacionais (**)	D

 UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Código	Titulación	Opción
40010	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
40020	Grao en Bioloxía	B
40340	Grao en Biotecnoloxía	B
40030	Grao en Ciencia Política e da Administración	D
40040	Grao en Comunicación Audiovisual	D
40350	Grao en Criminoloxía	D
40050	Grao en Dereito	D
40060	Grao en Economía	D
40070	Grao en Educación Social	D
40080	Grao en Enfermaría	C
40090	Grao en Enxeñaría Informática	E
40100	Grao en Enxeñaría Química	E
40110	Grao en Farmacia	C
40120	Grao en Filoloxía Clásica	A
40130	Grao en Filosofía	A
40140	Grao en Física	B
40150	Grao en Historia	A
40160	Grao en Historia da Arte	A
40170	Grao en Lingua e Literatura Españolas	A
40180	Grao en Lingua e Literatura Galegas	A
40190	Grao en Lingua e Literatura Inglesas	A
40200	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	A
40210	Grao en Matemáticas	B

40220	Grao en Medicina	C
40230	Grao en Mestre en Educación Infantil	D
40240	Grao en Mestre en Educación Primaria	D
40250	Grao en Odontoloxía	C
40260	Grao en Óptica e Optometría	C
40270	Grao en Pedagogía	D
40280	Grao en Psicoloxía	C
40290	Grao en Química (*)	B
40300	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
40310	Grao en Traballo Social (Centro adscrito con condicións económicas superiores)	D
40320	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	D
40330	Grao en Xornalismo	D
40370	Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras (Centro adscrito con condicións económicas superiores) (***)	D
40400	Grao en Intelixencia Artificial	E
CAMPUS DE LUGO		
Código	Titulación	Opción
50010	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
50210	Grao en Bioquímica	B
50220	Grao en Empresa e Tecnoloxía (Modalidade presencial)	D
50221	Grao en Empresa e Tecnoloxía (Modalidade virtual)	D
50040	Grao en Enfermaría (Adscrito)	C
50180	Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	E
50060	Grao en Enxeñaría Civil	E
50090	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	E
50100	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	E
50110	Grao en Mestre en Educación Infantil	D
50120	Grao en Mestre en Educación Primaria	D
50130	Grao en Nutrición Humana e Dietética	C

50190	Grao en Paisaxe (1º e 2º curso dispensase en Lugo na USC–3º e 4º na Coruña UDC)	E
50140	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (adscrita con condicións económicas superiores)	D
50200	Grao en Robótica	E
50150	Grao en Veterinaria	C
50230	Grao en Xestión Cultural (modalidade presencial)	A
50231	Grao en Xestión Cultural (modalidade virtual)	A

Universidade de Vigo		UNIVERSIDADE DE VIGO	
CAMPUS DE OURENSE			
Código	Titulación	Opción	
10010	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D	
10020	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	B	
10030	Grao en Ciencias Ambientais	C	
10050	Grao en Dereito	D	
10060	Grao en Educación Infantil	D	
10070	Grao en Educación Primaria	D	
10080	Grao en Educación Social	D	
10090	Grao en Enfermería (adscrita)	C	
10100	Grao en Enxeñaría Agraria	E	
10110	Grao en Enxeñaría Informática	E	
10120	Grao en Traballo Social	D	
10130	Grao en Turismo	D	
10140	Grao en Xeografía e Historia	A	
10150	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	E	
10170	Grao en Relacións Internacionais	D	
10400	Grao en Intelixencia Artificial	E	
CAMPUS DE PONTEVEDRA			
Código	Titulación	Opción	

20010	Grao en Belas Artes	A
20020	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (con proba específica)	D
20030	Grao en Comunicación Audiovisual	D
20120	Grao en Deseño	A
20040	Grao en Dirección e Xestión Pública (Modalidade presencial)	D
20041	Grao en Dirección e Xestión Pública (Modalidade virtual)	D
20050	Grao en Educación Infantil	D
20060	Grao en Educación Primaria	D
20070	Grao en Enfermaría (adscrita)	C
20080	Grao en Enxeñaría Forestal	E
20100	Grao en Fisioterapia	C
20110	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	D
CAMPUS DE VIGO		
Código	Titulación	Opción
30010	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
30030	Grao en Bioloxía	B
30040	Grao en Ciencias do Mar	B
30050	Grao en Comercio	D
30060	Grao en Dereito	D
30070	Grao en Economía	D
30080	Grao en Educación Infantil (Centro adscrito con condicións económicas superiores)	D
30090	Grao en Educación Primaria (Centro adscrito con condicións económicas superiores)	D
30100	Grao en Enfermaría-Meixoeiro (Adscrita)	C
30110	Grao en Enfermaría-Povisa (Centro adscrito con condicións económicas superiores)	C
30120	Grao en Enxeñaría da Enerxía	E
30130	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	E
30131	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación – (Grupo Inglés)	E

30140	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	E
30150	Grao en Enxeñaría Eléctrica	E
30160	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	E
30170	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	E
30180	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	E
30190	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E
30191	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais –(Grupo Inglés)	E
30200	Grao en Enxeñaría Mecánica	E
30220	Grao en Linguas Estranxeiras	A
30230	Grao en Química	B
30240	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
30250	Grao en Tradución e Interpretación: Español-Inglés	A
30260	Grao en Tradución e Interpretación: Español-Francés	A
30270	Grao en Tradución e Interpretación: Galego-Inglés	A
30300	Grao en Enxeñaría Biomédica	E
30310	Grao en Filoloxía Aplicada en Galego e Español	A

(*) Nesta titulación ofertanse un grupo de docencia en inglés ao que ao que poderá incorporarse o alumnado unha vez matriculado

(**) Grao con requisitos de admisión específicos, ver:

<https://www.udc.es/gi/ensino/nivelb1/>

(***) Para que a matrícula sexa efectiva deberá formalizar a matrícula na USC no prazo establecido. A continuación deberá formalizar a parte da matrícula correspondente ao Centro Superior de Hostelería de Galicia. Para iso recibirá unha mensaxe de SMS ou de correo electrónico, coa información necesaria para facelo.

OPCIÓNS	NOTA
Opción A. Artes e humanidades	Esta relación de titulacións é provisoria.
Opción B. Ciencias	
Opción C. Ciencias da saúde	
Opción D. Ciencias sociais e xurídicas	
Opción E. Enxeñaría e arquitectura	

ANEXO III

Data e horario de realización da proba

FASE XERAL

VENRES, 21 DE FEBREIRO DE 2025	
Mañá	
Hora	Sesión
08.30	Presentación do alumnado
09.00–10.30	Comentario de texto sobre un tema xeral de actualidade
10.30–11.00	Descanso
11.00–12.30	Lingua castelá
12.30–13.00	Descanso
13.00–14.30	Lingua galega
14.30	Fin da sesión
Tarde	
17.00–18.30	Lingua estranxeira
18.30	Fin da sesión

FASE ESPECÍFICA

VENRES, 14 DE MARZO DE 2025	
Hora	Sesión
08.30	Presentación do alumnado
09.00–10.30	Debuxo técnico Química Historia do mundo contemporáneo Historia da arte
10.30–11.00	Descanso
11.00–12.30	Matemáticas Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais Xeografía Bioloxía
12.30–13.00	Descanso
13.00–14.30	Debuxo artístico Latín Volume Economía da empresa Ciencias da Terra e ambientais Literatura universal Física
14.30	Fin da sesión